A) A entrada en vigor da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, que entraron en vigor o día 2 de outubro de 2016 salvo determinadas disposicións que entrarán en vigor o 2 de outubro de 2018 (prorrogada a 2020 disposición final 7), e que obriga a tramitación íntegra de expedientes en formato dixital, xunto coa necesaria interoperabilidade entre Administracións, a necesidade de que se incorpore e se poña en funcionamento un rexistro electrónico único, un rexistro de funcionarios habilitados, un arquivo electrónico, e a obriga de que determinados suxeitos se relacionen exclusivamente de xeito electrónico co Concello entre outras obrigas.

A posta en funcionamento da plataforma de tramitación municipal de expedientes (TEDEC) supón un aumento importante da carga de traballo na medida en que supón ter que canalizar todo o fluxo de documentos no marco de procedementos electrónicos en relación con solicitudes de subvencións, xustificacións, contratacións, propostas de acordos, expedientes de subvencións, que afecta ás necesidades urxentes de persoal de reforzo a todos os departamentos dos Concellos en materia informática.

B) A situación vese agravada aínda mais coa entrada en vigor da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Públicos, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que establece de forma definitiva a necesidade de levar a cabo de xeito íntegro todas as licitacións de xeito electrónico, o cal suporá de novo por un lado un aumento de traballo e adaptación a novas ferramentas electrónicas por parte do persoal municipal e por outro lado un importante cambio para os contratistas que se presenten ás vindeiras licitacións convocadas polo Concello.

C) A entrada en vigor para a administración local da Lei 19/2013, do 9 de decembro, da Transparencia en decembro de 2015, precisa, aínda que sexa de maneira inicial, un reforzo nos servizos xerais con asesoramento de persoal informático especializado que permita dar cumprimento a esa nova realidade legal, con maior posibilidade de acceso á información polos cidadáns e cun tempo de resposta máis breve por parte da administración.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

D) É necesaria colaboración deste persoal para subministración en prazo da información indicada na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro pola que se desenvolven as obrigas de submisión de información previstas na LO 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira e tamén a adecuada xestión do rexistro electrónico de facturas recollido na lei 25/2013 de 27 de decembro de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

3.- Ambos Concellos pretenden a consecución de diversos obxectivos en orde á definitiva implantación e posta en marcha da Administración Electrónica fixando como horizonte temporal no ano **2022** para acadar a totalidade de obxectivos de xeito que coincida en parte no tempo co Plan de acción de administración electrónica 2016-2020 aprobado pola Comisión Europea o 19 de abril de 2016, co Plan Nacional de Territorios intelixentes aprobado polo Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital e co Plan de Administración e Goberno Dixitais Horizonte 2020 da Xunta de Galicia.

Entre os obxectivos principais están conseguir entre outros:

4. interoperabilidade de datos e documentos con outras administracións.
5. Xestión interna 100% electrónica que conleva escaneo de documentos do arquivo e dos presentados para a súa incorporación aos expedientes que se tramitan telemáticamente e xestión de propostas dos distintos departamentos para someter aos órganos de Goberno.
6. Contratación 100% electrónica.

Por todo, de conformidade co artigo 10.1.c) do Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do Empregado Público (TREBEP) e o artigo 23.2c) da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG), pola Alcaldía de Boimorto e pola Alcaldía do Concello de Arzúa elaborouse un programa temporal "Proxecto de adecuación dos servizos municipais á Administración electrónica", que permitirá fundamentar a incorporación como funcionario interino para ambas administracións locais, dun/ha Técnico/a informático/a no exercicio 2019 e así dar resposta ás esixencias legais impostas polas citadas leis, en tanto que o máximo legal de 3 anos que o TREBEP establece para estes (ampliábelas ata 12 meses máis), acomodándose bastante ao programa temporal de emprego.

A necesidade dos citados obxectivos requiren de contar con persoal que permita avanzar na consecución de tales obxectivos nos Concellos.

As limitacións á incorporación de novo persoal impostas polas sucesivas Leis de orzamentos xerais do Estado, ven provocando nos Concellos un problema de efectivos especialmente apreciable neste caso.

Ante esta situación queda acreditado que ante a xa escaseza de medios cos que contan ambos Concellos e a importante carga de traballo que se ten multiplicado moitísimo nos derradeiros dous ou tres anos, a fin de poder implantar e conseguir os obxectivos fixados necesítase do reforzamento do persoal a fin de acadar ditos obxectivos o que motiva a contratación de funcionario/a interino/a para execución do programa temporal indicado e posta en marcha de administración electrónica en ambos concellos con fundamento na eficacia e eficiencia que debe aplicarse na xestión do gasto público.

Tendo en conta que as sucesivas leis de Orzamentos Xerais do Estado, establecen non se poderá proceder á contratación de persoal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto os casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, e considerando que neste caso está plenamente xustificado dito carácter excepcional e a necesidade urxente e inaprazable na necesidade de acadar ditos obxectivos e cumprir a normativa vixente visto art. 10.1 TREBEP, e que prevé o incremento das plantillas e efectivos de persoal a través da figura de nomeamento interino para a execución de programas de carácter temporal por 3 anos ampliábelas ata 12 meses máis.

O programa temporal de emprego asinado polos Alcaldes de ambas administracións locais, serve de fundamento en aplicación do artigo 10.1c) do Texto refundido do Estatuto básico do empregado público para motivar a contratación dun/ha informático/a para o Departamento de Servizos Xerais de ambos Concellos.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Queda polo tanto motivada legalmente a urxencia e necesidade da súa cobertura, esixida polo art. 10.1 TREBEP, e que prevé o incremento das plantillas e efectivos de persoal a través da figura de nomeamento interino para a execución de programas de carácter temporal por 3 anos ampliables ata 12 meses máis.

CLAUSULAS

1.- OBXECTO:

O presente convenio ten por obxecto establecer a forma e condicións de colaboración entre os comparecentes, posto que os dous concellos teñen interese en articular un cauce de colaboración para que o persoal funcionario interino por programas Técnico/a informático/a a seleccionar polo Concello de Boimorto para execución do programa temporal de posta en marcha da administración electrónica, poida desenvolver a súas funcións en parte da súa xornada no Concello de Arzúa polo período previsto de execución dese programa temporal de emprego (decembro 2021 prorrogable motivadamente por acordo de ambas partes un ano máis).

2.- FORMA DE COLABORACIÓN DAS PARTES (funcións e xornada do persoal)

O/A Técnico/a informático/a para execución de programa temporal desenvolverá as seguintes funcións para posto informático Grupo C Subgrupo C1 escla admistración especial e subescala técnica :

- Desempeñar tarefas de trámite e colaboración en materia de administración electrónica.
- Utilización das aplicacións informáticas correspondentes.
- Informar e atender aos usuarios de aplicacións nos municipios integrantes.
- Cooperar na posta en marcha e integración das solucións tecnolóxicas.
- Apoio ás oficinas crave.
- Mecanizar as operacións que sexan necesarias e informar sobre as incidencias na xestión.
- Realizar ademais todas aquelas tarefas análogas e complementarias ás anteriores en materia de administración electrónica.

As funcións serán desempeñadas en horario compartido entre ambos Concellos, repartindo a súa xornada entre ambas entidades locais nun 50% sen que sexa necesaria a acreditación de horario presencial efectivo por tratarse de funcións que poden realizarse a distancia, e con metodoloxía propia da administración electrónica contando ambos Concellos coa aplicación TEDEC, perfís de contratante na Plataforma de contratación do Estado,...

O Concello de Arzúa transferirá mensualmente ó Concello de Boimorto as retribucións que correspondan polo 50% da xornada desempeñada nas súas dependencias engadindo a maiores a parte correspondente a cotas patronais de Seguridade Social por dita retribución.

O Concello de Boimorto abonará na nómina do traballador/a a cantidade mensual resultante unha vez recibido o ingreso das cantidades acordadas có Concello de Arzúa.

As retribucións do posto responden o informe da empresa Galivalia redactora da RPT en elaboración do Concello de Boimorto solicitado pola Alcaldesa de Boimorto que constan no expediente en informe motivado e se resumen tal e como seguen:

1. Soldo (subgrupo C1): 10.491,24 euros brutos anuais, distribuídos en:

- 12 pagas ordinarias por importe de 764,19 euros
- 2 pagas extraordinarias por importe de 660,48 euros

2. Complemento específico (275 puntos): 2.158,33 euros brutos anuais, distribuídos en 14 pagas



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

do mesmo importe.

3. Complemento destino (325 puntos; nivel 18): 5.866,28 euros brutos anuais, distribuídos en 14 pagas do mesmo importe.

Suma da retribución total anual: 18.515,85 euros brutos. (a asumir por ambas partes a partes iguais)

A maiores se repartirá o custo das cuotas patronais a seguridade social a partes iguais.

3.- RÉXIME XURÍDICO

En ningún caso se entenderá que se establece ningún tipo de relación laboral entre o traballador do Concello de Boimorto que sexa contratado tras convocatoria e proceso selectivo para selección de Técnico/a informático/a para posta en marcha de administración electrónica en ambos Concellos, e o Concello de Arzúa.

4.- CUESTIÓNS LITIXIOSAS

O presente convenio ten carácter administrativo réxese polo establecido nas súas cláusulas .

Se non hai acordo as cuestións litixiosas serán de coñecemento da orde xurisdiccional Contencioso – Administrativa.

5.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio entrará en vigor dende o momento da súa sinatura e estará vixente ata o 31/12/2021 sen prexuízo da posible prórroga expresa dun ano acordada por ambas partes con motivación na falta de consecución de obxetivos marcados no programa temporal de emprego para selección de funcionario interino .

Será causa de resolución do mesmo que aceptan ambas partes a contratación polo Concello de Arzúa de persoal laboral informático previsto na súa relación de postos de traballo e plantilla .

Será causa de resolución o acordo de ambas partes previo a dita vixencia.>>

SEGUNDO.- Certificado deste acordo sexa remitido a outra parte do convenio os efectos oportunos e do seu cumprimento.

9.- PROPOSICIÓN MODIFICACIÓN ANEXO DE INVERSIÓNS 2019.

Xustificando a urxencia deste tratamento de punto da orde do día sen dictaminar na necesaria adaptación do anexo de inversións pola xeración de créditos aprobada por esta Alcaldía n.º 1/2019 en decreto 89/2013 de 22/2/2019.

Acéptase dita urxencia por unanimidade con 11 votos a favor.

Pola Secretaria dase lectura á proposición relacionada con este punto da orde do día tal e como segue :

<<9.-PROPOSICIÓN MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVERSIÓNS.

Xustificando a urxencia deste tratamento de punto da orde do día sen dictaminar na necesaria adaptación do anexo de inversións pola xeración de créditos aprobada por esta Alcaldía n.º 1/2019 en decreto 89/2013 de 22/2/2019.

Visto o expediente para a modificación de créditos xeración de crédito 1/2019 no que en informe de secretaría intervención xa se advirte da necesaria modificación do anexo de inversións da anualidade 2019.

Vista a normativa legal que permite a modificación dos orzamentos, de conformidade co disposto no RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

RD 500/90, do 20 de abril, e nas Bases de execución do Orzamento de 2019.

A vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía propón que o Pleno acepte o tratamento deste asunto sen dictaminar pola comisión informativa permanente especial de contas e **ACORDE:**

Primeiro.- Aprobar a modificación do anexo de inversións e incluír a seguinte obra no mesmo:

Partida 161.61900 “ Reforma y mejora de infraestructuras municipales del agua (abastecimiento y saneamiento) lugares de Vilanova y depuradora municipal “ importe 35.951,37€ financiación 100% Diputación Provincial

Segundo.- Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRBL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo.

Boimorto, 25 de febreiro de 2019

A Alcaldesa

Asdo.- María Jesús Novo Gómez”

Sen máis intervencións pola Alcaldesa se somete esta proposta a votación e por maioría absoluta con seis votos a favor (cinco dos concelleiros do PP, un do membro non adscrito) con cinco abstencións tres dos/as concelleiros/as do PSdG-PSOE así como dúas dos concelleiros /as do grupo municipal do BNG o Pleno **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación do anexo de inversións e incluír a seguinte obra no mesmo:

Partida 161.61900 “ Reforma y mejora de infraestructuras municipales del agua (abastecimiento y saneamiento) lugares de Vilanova y depuradora municipal “ importe 35.951,37€ financiación 100% Diputación Provincial

SEGUNDO .- Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRBL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo.

10.- PROPOSICIÓN APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA FESTIVAL DE LA LUZ COSECHA 2018.

Considerando urxente a adopción do acordo que se propón os efectos de cumprimento de prazos de xustificación e pago indicados no convenio que rexe este expediente de subvención nominativa , solicitándose a aceptación deste punto sen dictaminar para o seu tratamento e votación nesta sesión plenaria.

Aceptase a urxencia por unanimidade con 11 votos a favor.

Pola Secretaria dase lectura á proposición relacionada con este punto da orde do día tal e como segue :

<<PROPOSICIÓN APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA FESTIVAL DE LA LUZ COSECHA 2018

Visto o expediente de outorgamento de subvención nominativa á Asociación Cultural Festival de la Luz para a Cosecha 2018.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Xustificada dita subvención segundo documentación indicada no seu rexistro por informe de secretaría intervención de data 20/2/2019.

Considerando urxente a adopción do acordo que se propón os efectos de cumprimento de prazos de xustificación e pago indicados no convenio que rexe este expediente de subvención nominativa , solicito a aceptación deste punto sen dictaminar para o seu tratamento e votación nesta sesión plenaria.

Visto o informe de secretaría intervención de data 20/02/2019 sobre a documentación presentada para xustificación da subvención e pago dos 80.000€ que financian esta actividade segundo convenio asinado entre este Concello e a entidade Asociación Cultural Festival de la Luz en data 7/9/2018, así como as advertencias contidas en dito informe.

Tendo en conta que este Pleno delegou o control financeiro nas subvencións nominativas na Excma Diputación Provincial de A Coruña o que supón segundo informa a secretaria interventora deste Concello :

Lei 38/2003 Xeral de Subvencións

Artículo 44 Objeto y competencia para el ejercicio del control financiero de subvenciones

1. El control financiero de subvenciones se ejercerá respecto de beneficiarios y, en su caso, entidades colaboradoras por razón de las subvenciones de la Administración General del Estado y organismos y entidades vinculados o dependientes de aquélla, otorgadas con cargo a los Presupuestos Generales del Estado o a los fondos de la Unión Europea.

2. El control financiero de subvenciones tendrá como objeto verificar:

- a) La adecuada y correcta obtención de la subvención por parte del beneficiario.
- b) El cumplimiento por parte de beneficiarios y entidades colaboradoras de sus obligaciones en la gestión y aplicación de la subvención.
- c) La adecuada y correcta justificación de la subvención por parte de beneficiarios y entidades colaboradoras.
- d) La realidad y la regularidad de las operaciones que, de acuerdo con la justificación presentada por beneficiarios y entidades colaboradoras, han sido financiadas con la subvención.
- e) La adecuada y correcta financiación de las actividades subvencionadas, en los términos establecidos en el apartado 3 del artículo 19 de este ley.
- f) La existencia de hechos, circunstancias o situaciones no declaradas a la Administración por beneficiarios y entidades colaboradoras y que pudieran afectar a la financiación de las actividades subvencionadas, a la adecuada y correcta obtención, utilización, disfrute o justificación de la subvención, así como a la realidad y regularidad de las operaciones con ella financiadas.

3. La competencia para el ejercicio del control financiero de subvenciones corresponderá a la Intervención General de la Administración del Estado, sin perjuicio de las funciones que la



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Constitución y las leyes atribuyan al Tribunal de Cuentas y de lo dispuesto en el artículo 6 de esta ley.

4. El control financiero de subvenciones podrá consistir en:

- a) El examen de registros contables, cuentas o estados financieros y la documentación que los soporte, de beneficiarios y entidades colaboradoras.
- b) El examen de operaciones individualizadas y concretas relacionadas o que pudieran afectar a las subvenciones concedidas.
- c) La comprobación de aspectos parciales y concretos de una serie de actos relacionados o que pudieran afectar a las subvenciones concedidas.
- d) La comprobación material de las inversiones financiadas.
- e) Las actuaciones concretas de control que deban realizarse conforme con lo que en cada caso establezca la normativa reguladora de la subvención y, en su caso, la resolución de concesión.
- f) Cualesquiera otras comprobaciones que resulten necesarias en atención a las características especiales de las actividades subvencionadas.

5. El control financiero podrá extenderse a las personas físicas o jurídicas a las que se encuentren asociados los beneficiarios, así como a cualquier otra persona susceptible de presentar un interés en la consecución de los objetivos, en la realización de las actividades, en la ejecución de los proyectos o en la adopción de los comportamientos.

Vista a garantía de cumprimento da legalidade que supón este control , e devolución no seu caso de fondos públicos non xustificadas debidamente esta Alcaldía propón que o Pleno municipal **ACORDE:**

PRIMEIRO.-Aprobar a xustificación da subvención nominativa Festival de la luz 2018 presentada pola Asociación Festival de la luz en documentación rexistrada con rexistros indicados en informe de secretaría intervención sinalado nos considerandos deste decreto e ordear o pago da subvención por importe de 80.000€ dentro do prazo establecido en convenio regulador da subvención.

SEGUNDO.- Certificado deste acordo se remita os servizos contabeis e administrativos os efectos oportunos .

TERCEIRO.-Realizado o pago sexa remitido ó expediente para control financeiro á Excm. Deputación Provincial de A Coruña

En Boimorto 20/02/2019

A Alcaldesa:

Asdo.- M^a Jesús Novo Gómez “

A Alcaldesa sinala que inda que se aprobe esta xustificación a Diputación realizará o control financeiro.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

O concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas di que quere saber canto custa o mantemento da finca así como o traballo dos traballadores de Boimorto para cuantificar .

A Alcaldesa recorda que ten o Concello un dereito de usufructo sobre dita parcela.

O concelleiro do BNG pide que conste que non hai vantaxas para esta Coporación en xustificación dos gastos que asume.

Sen máis intervencións pola Alcaldesa se somete esta proposta a votación e por maioría absoluta con nove (cinco dos concelleiros do PP, un do membro non adscrito e tres votos a favor dos /as concelleiras do PsDG_PSOE) así como dous votos en contra dos concelleiros /as do grupo municipal do BNG o Pleno **ACORDOU:**

PRIMEIRO.-Aprobar a xustificación da subvención nominativa Festival de la luz 2018 presentada pola Asociación Festival de la luz en documentación rexistrada con rexistros indicados en informe de secretaría intervención sinalado nos considerandos deste decreto e ordear o pago da subvención por importe de 80.000€ dentro do prazo establecido en convenio regulador da subvención.

SEGUNDO.- Certificado deste acordo se remita os servizos contabeis e administrativos os efectos oportunos .

TERCEIRO.-Realizado o pago sexa remitido ó expediente para control financeiro á Excm. Deputación Provincial de A Coruña

11.-DACIÓN CONTA DE DECRETOS

De conformidade co disposto no artigo 42 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais , dase conta aos concelleiros das Resolucións da Alcaldía Presidencia ditadas entre os días 21/12/2018 ata 25/02/2019 números 582 (2018)) a 93 (2019).

Pregunta a Alcaldía en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro se algún grupo político desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teña cabida no punto de regos e preguntas.

Sen máis intervencións a Alcaldesa pasa o seguinte punto da orde do día.

12.- ROGOS E PREGUNTAS

A Alcaldesa dalle a palabra ó concelleiro D. Xosé Luis Rivas que fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Pregunta o concelleiro polas razóns do Concello para deixar de dar subvención a madrugadores.

2.- Roga a dimisión da Alcaldesa por engano á Corporación xa que en relación co proxecto da Ponte Boado aprobado inicialmente por 312.000€ os catro meses modificouse motivando a Alcaldesa que se modificaba polo informe de augas de Galicia sinalando que non se podía modificar o cauce amosando un plano de como quedará a obra por importe de 143.816€



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

E isto di o concelleiro que é mentira xa que Augas de Galicia non emitiu dito informe.

A Alcaldesa sinala que a Consellería os dous meses do primeiro acordo plantexan un novo proxecto coa motivación que di a Consellería en escrito de agosto.

Di o concelleiro que o que di a Consellería e que hai que derivar 169.000€ para outro burato sinala que non se entende que unha Alcaldesa con 312.000€ asinados poda recuar e aceptar un proxecto diferente por menor importe. Sinala o concelleiro que a Ponte Boado non se executa pola incompetencia do equipo de goberno.

A Alcaldesa sinala que o Director Xeral xa lle explicou no Parlamento á Xosé Luís Rivas as razóns.

O concelleiro Rivas di que quere que conste que o secretario nesa sesión permite unha modificación dese proxecto con motivacións nun informe que non consta.

(intervén esta Secretaría en defensa da actuación do secretario que facéndolle un favor persoal asistiu á sesión de setembro e que levantou dita acta sen poder verificar a legalidade de todo o que se di) (sinala o concelleiro Xosé Luís Rivas que a Corporación pensou que constaba un informe de Augas de Galicia que xustificaba ese cambio de proxecto e iso debería ser comprobado por Secretaría). A Alcaldesa di que ela non dixo que constase un informe que o que di e que se lle traslada. Reclama o concelleiro do BNG que estando no Parlamento non pida para Boimorto nada. O concelleiro reposta que a Alcaldesa está equivocada e que tampouco lle pediu nin trasladou nada dende a Alcaldía.

Di o concelleiro que a nova recollida de plásticos e grazas ao BNG.

Resposta a Alcaldesa que de momento inda se recollen polo Concello.

Explica o concelleiro que a Consellería de Medio Ambiente acabou cun programa de recollida que se realizou durante dez anos financiado por Europa e a solución plantexouna o BNG.

A Alcaldesa insiste en que se recollen.

O concelleiro dille que se entere que fale coa empresa, con Luís que se entere que a recollida remataba.

Segue o concelleiro recriminando a Alcaldesa que motivase o cambio do proxecto da Ponte Boado en razóns de Augas de Galicia que o propio Director nega, di que estaba Agas de Galicia disposta a facer o proxecto primeiro.

Finaliza o Sr. Rivas indicando que o primeiro proxecto votouse atrás para facer unha amasada noutro sitio.

3.- Pregunta o concelleiro polas razóns de que no proxecto de ampliación da Residencia non están orzamentadas para ventás persianas criticando que non esté previsto sistema que lle quite a cocedura, pregunta si leva aire acondicionado.

Resposta a Alcaldesa que non pode levar aire acondicionado que non se permite como él sinala.

Di o concelleiro que o proxecto debería tamén contemplar isto e sala para que podan disfrutar.

A Alcaldesa di que non se poden colocar persianas por fora xa con independencia do que diga Patrimonio, xa que non se solucionarían tendo os usuarios coas persianas baixas. Di a Alcaldesa que os vidros xa están previstos para non deixar pasar o calor.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

4.- Roga o concelleiro atención o mal estado das pistas de Rodieiros e Corneda.

Resposta a Alcaldesa que están para rematar.

5.- Pregunta o concelleiro polas razóns que xustifican que só na parroquia de Corneda se informe sobre distancias forestais para faixas de protección razóns de incendios. Roga que a Alcaldesa atenda o benestar dos veciños.

Resposta a Alcaldesa que é un tema do forestal.

Intevén a Alcaldesa para constestar a pregunta sobre o servizo dos madrugadores.

Di que o servizo empezou con este equipo cando chegou o Concello. A AMPA nova non ten cartos para o servizo e buscáronse formas para axudar metendo en igualdade dito proxecto para subvención deste servizo avalado polo Concello xa que a que marchou non solicitou esta subvención. Di que a Alcaldesa comprometeuse a axudar ben co presuposto ou por igualdade optando finalmente por esta vía.

Pregunta o concelleiro se segue avalando o servizo.

Resposta a Alcaldesa que si.

6.- Pregunta o concelleiro por unha reunión saneamento en Viladóniga.

Resposta a Alcaldesa que si que foi un técnico da Xunta para facer un levantamento topográfico.

Pregunta o concelleiro se o fixo.

Resposta a Alcaldesa que estará con iso.

A Alcaldesa reprochalle que él non o quería.

O concelleiro solicita que consta en acta que iso non é certo, que él o que dixo e que dilapidar cartos non é lóxico e tíranse cartos metendo un sistema tradicional de saneamento con depuradora para as casas en Viladóniga e no Pedral e tirar cartos, di que hai sistemas mellores e menos contaminantes.

7.- Pregunta a quen se lle vai dar a obra da Gándara xa que hai un pago pendente da operación de asalto ao Concello por 30.000€

Di a Alcaldesa que non vai permitir que faga afirmacións que non son verdade.

Di a Alcaldesa que as licitacións fanse polos pregos que manda Xunta e Deputación non se manipulan as contratacións e dende que está este equipo de goberno danse a empresas diferentes.

Que conste en acta que nunca manipulou as contratacións.

O concelleiro solicita que conste en acta que o quere saber e se vai ser adxudicada a obra a determinada empresa pendente dun pago.

A Alcaldesa advírtelle que teña coidado por si ten que demostrar o que di.

Pola Alcaldesa dase a palabra á concelleira do PSdG-PSOE Sandra Sánchez que expón:

1.- Pregunta pola senda peatonal do Pedral sobre como está. Di a Alcaldesa que tras pedila en Deputación piden o Concello que xestione a cesión de correos. Indicados os metros a ceder por cada propietario os da farmacia piden unhas condicións como asfaltar, cancela no camiño que



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

sube demandas non viables, non lles valia o documento de cesión e estamos esperando, cos restos de propietarios todo listo.

2.- Roga se coide o parque di que está en malas condicións.

Di a Alcaldesa que está metido nunha subvención para Xunta.

3.- Pregunta pola pista de Cheda. Di a Alcaldesa que se comezou parouse por choivas e rematarase teñen que volver como en Ribadiso.

4.- Agradece que se levase a Conselleira a Ponte Castro a ver a solicitude que fixo o PSOE de arranxo.

5.- Pregunta pola reforma do Campo da Feira. A Alcaldesa explica o proxecto, di que vaise reformar aceras, cambiar mobiliario, poñer rego na Carballeira, renovar parque infantil, zona pavimentada para aparcar en zona diante galiñas, trétase de que se poda disfrutar da Carballeira.

6.- Roga arranxo farolas sen luz por queixas dos veciños.

Recoñece a Alcaldesa que hai farolas sen cabeza, unhas por siniestro, e que xa están reparando.

7.- Pregunta cales proxectos dos que levaron en campaña se cumpriron.

Di a Alcaldesa que a maioría.

Intervén o concelleiro D. Xosé Luis Rivas para sinalar que faltou a escola música, idiomas e reclamar reunións para temas da Residencia.

A Alcaldesa dalle a palabra a concelleira Raquel Val que fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Roga atención pista Santarandel a Présarás

2.- Roga arranxo obra Santarandel non collen dous coches. Resposta Alcaldesa que hai pedras levantadas que vanse repoñer.

3.- Roga arranxo bacheo Ánxeles de Liñeiro a Anguelo necesita repaso.

4.- Pregunta pola última lista de espera usuarios axuda a domicilio.

Di a Alcaldesa que a ten nas actas da Xunta de Goberno colgadas na web.

Roga o concelleiro D. Xosé Luis Rivas que se pasen.

5.- Sobre a biblioteca pregunta se pediron subvencións, se hai proxecto para a mesma.

Resposta a Alcaldesa que o local da biblioteca non é do Concello o que limita a posible obtención de subvencións non sendo o máis axeitado.

Insiste a concelleira sobre si hai algún proxecto novo outro local ... para a biblioteca.

Resposta a Alcaldesa que si.

6.- Pregunta polos recibos de auga, saneamento lixo polas queixas por non ir os recibos coa periodicidade de antes.

Recoñécese a lentitude pola Alcaldesa e que é algo puntual.

A Alcaldesa dalle a palabra á concelleira do PSdG-PSOE Sandra Sánchez :

Roga para cemiterio parte arriba contenedor e toma de auga.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Boimorto, xoves 28 de febreiro de 2019

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe

A alcaldesa, MARIA JESUS NOVO GOMEZ	A secretaria, Rebeca Vázquez Vazquez
--	---